

Non obstante, a citada cantidade poderase incrementar en función das peticións presentadas e das dispoñibilidades de crédito.

A devandita orde foi modificada pola Orde do 28 de febreiro de 2005, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 51, do 15 de marzo, como consecuencia das alteracións producidas na estrutura orgánica da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde polo antedito Decreto 14/2005, do 3 de febreiro, e o Decreto 13/2005, do 3 de febreiro.

O volume das solicitudes presentadas dentro do prazo establecido na devandita orde, así como a posibilidade de incrementar a cantidade aconsellan neste momento a ampliación dos créditos consignados para esta finalidade.

Por todo o anteriormente dito, facendo uso das facultades que me confiren os artigos 34.6º e 38 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro, e de acordo co establecido nos artigos 78.3º e 78.6º do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, modificado pola Lei 8/1999, do 30 de decembro, de medidas fiscais e orzamentarias de función pública e de actuación administrativa, e para a debida aplicación dos créditos orzamentarios para o fin para o que foron establecidos,

DISPOÑO:

Artigo único.-De acordo co previsto no artigo 4.2º da Orde do 29 de decembro de 2004, e en función do elevado número de solicitudes recibidas e as dispoñibilidades orzamentarias, destínanse 92.000 € máis para a concesión das axudas reguladas nesta orde, con cargo á aplicación orzamentaria 5001.2223.480.1.

A cantidade dispoñible destinada á concesión das axudas dos programas destinados a prestarlles atención aos enfermos con trastornos mentais persistentes nos dispositivos de apoio comunitario dependentes das asociacións de familiares de enfermos psíquicos e outras entidades sen ánimo de lucro, aprobada pola Orde do 29 de decembro de 2004, ascende a un importe máximo de 2.244.236 € para o exercicio de 2005, con cargo ás aplicacións orzamentarias 11.01.311A.480.0, 14.06.212D.484.1 e 5001.2223.480.1 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2005.

Disposición adicional

O disposto nesta orde non afecta o prazo de presentación de solicitudes establecido na devandita Orde do 29 de decembro de 2004.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 2 de xuño de 2005.

José Manuel González Álvarez
Conselleiro de Sanidade

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE

Corrección de erros.-Orde do 16 de maio de 2005 pola que se establecen e regulan axudas para a conservación e recuperación das poboacións de coello de monte autóctono.

Advertidos erros no texto da citada orde, publicada no DOG nº 100, do 26 de maio, cómpre publicar a corrección seguinte:

Na páxina 9.061, no artigo 6º, no parágrafo que comeza por: «O prazo de presentación de solicitudes», onde di: «corenta días naturais», debe dicir: «corenta días hábiles».

CONSELLERÍA DE ASUNTOS SOCIAIS, EMPREGO E RELACIÓNS LABORAIS

Resolución do 29 de marzo de 2005, da Delegación Provincial de Lugo, pola que se dispón o rexistro, o depósito e a publicación, no Diario Oficial de Galicia, do convenio colectivo de ámbito provincial para o sector do comercio de mobles e obxectos decorativos da provincia de Lugo.

Visto o texto do convenio colectivo para o sector comercio de mobles e obxectos decorativos da provincia de Lugo (código 2700195), asinado o día 28 de febreiro de 2005, pola representación da patronal a *Asociación Empresarial de Comercio de Mobles e Obxectos Decorativos de Lugo* e das centrais sindicais UGT (50%), CC.OO. (33,3%) e CIG (16,7%) e de conformidade co disposto no artigo 90 puntos 2º e 3º do Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores e no Real decreto 1040/1981, do 22 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos de traballo.

Esta delegación provincial

ACORDA:

Primeiro.-Ordenar a inscrición do citado convenio colectivo no rexistro de convenios desta delegación, así como o seu depósito.

Segundo.-Remitir o texto do mentado convenio á Dirección Xeral de Relacións Laborais da Xunta de Galicia.

Terceiro.-Disponer a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* e no BOP.

Lugo, 29 de marzo de 2005.

Ana Chao Vázquez
Delegada provincial de Lugo